

NINJABABY

Yngvild Sve Flikke, 2020

945

ESTREA EN NUMAX: 13.06.2022 | V.O.S.E. | +16 | 103 min.

Aos 23 anos a vida de Rakel muda cando se decata, quizais tarde de máis, de que está embarazada. Rakel é ilustradora e encántalle estar involucrada en diferentes proxectos, pero criar un bebé? Rakel debe enfrontarse a esa pregunta antes do esperado, e a sorpresa é dobre: está de seis meses, polo que non hai opción de abortar. Amante da cervexa, as drogas e o sexo sen apegos, non ten ningún interese en ser nai. Antes de tomar ningunha decisión, comeza a debuxar a súa "ninjababy", que non lle poñerá as cousas nada doadas.

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero

«Fresca, divertida e feminista»

Kate Erbland, INDIEWIRE



Entrevista con Yngvild Sve Flikke: «Quero ampliar o espectro co que se mostra as mulleres no cinema»

Por Marta Balaga

Sempre que vexo un filme sobre embarazos, cando a futura nai mira o seu bebé parece que todo na súa vida vai mudar. Supoño que Rakel non crería iso. Quería formular algunhas preguntas sobre a maternidade. É algo natural para todas ou é diferente para cada persoa? Na meirande parte do meu traballo como cineasta gústame cuestionar os límites de xénero. Poderíamos dicir realmente que algo é intrinsecamente feminino ou masculino? Non o creo.

Traballei con Inga Sætre, que escribiu a novela gráfica [*Fallteknikk*] na que se basea lixeiramente o filme e a miña primeira idea foi mesturar acción real e animación. É unha animación emotiva pero tamén queríamos empregala para a comedia, con debuxos de penes enormes, coa intención de meternos na pel de Rakel. Logo fixen dúas tempadas da serie *Home Ground* e coñecín o guionista Johan Fasting. A el ocorréuselle a idea do ninjababy e desenvolveu os personaxes masculinos. Quería contar unha historia sobre unha moza que ten o ímpeto sexual que a maioría das miñas amigas tiñan con vinte anos. Déitase con alguén cando quere, é un espírito libre. Pero cando quedas embarazada as túas relacións con estes homes mudan. Tanto para ti como para eles.

O filme non critica a moza. É certo que hai tres posibles pais e a súa amiga fai referencia a *Mamma Mia!* pero non a vulga. Non quería que este filme tratase sobre o aborto, non quería darlle a opción de decidir, en parte porque para min é obvio. Teño dous fillos pero hei loitar até a morte polo dereito a decidir. Inga e eu queríamos ampliar o espectro co que se mostra as mulleres no cinema. Por iso era importante non facer que se sentise avergoñada nin que tivese dúbidas. Ela cre que non é boa de abondo para ser nai, pero non se avergoña do seu xeito de vida nin de que o seu piso sexa un desastre. Se non ten gana de ducharse non se ducha. Falamos moito sobre a presión que nos poñemos a nós mesmas, a presión que a sociedade exerce sobre nosoutas. As nenas deben aprender a non compracer moito os demais. Primeiro deben compracerse a si propias.

Rakel móstrase tan cómoda consigo mesma que case resulta chocante. No meu filme anterior mostraba tres mulleres, unha nos vinte, outra nos trinta e outra de sesenta anos. Conectei de verdade coa maior porque xa non lle importaba o que pensaban os demais. Precisamos esa actitude cando somos máis novas, así non te arrepiñes dos teus erros! É dicir, vaste arrepentir pero non é preciso demostralo. Rakel non é torpe nin inxenua. Non sabe o que quere facer coa súa vida, pero quere que a xente a valore polo que fai e non pola súa aparencia.

Algunhas das súas conversas co ninjababy son brutais e mesmo vulgares. Até onde querías chegar? Kristine [Kujath Thorp] di que despois de facer este filme comezou a maldicir moito máis. Cando Rakel se sente atrapada vólvese agresiva e pelexa. Vulgar é outro adxectivo que creo que se lle nega ás mulleres. Se eu digo algo vulgar a xente reacciona, pero cando o fai un home está ben. Porén, cando as mozas están soas poden ser honestas e directas. Rakel di cousas sen pensar, como que todos os nenos de 12 anos deberan facer unha vasectomía. Cando tes unha boa amiga pódelle dicir esas cousas en voz alta.